

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS PRIMEIROS DOENTES XA SE BENEFICIAN, DENDE HOXE, DA NOVA ÁREA DE ENDOSCOPIAS DO HOSPITAL DA BARBANZA

- A Xunta investiu 620.000 euros nun espazo de 130m² que supón un considerable incremento de superficie e importantes melloras no eido tecnolóxico
- Facilitará un incremento de preto do 20% de doentes atendidos nesta unidade no Barbanza e a nova tecnoloxía de vangarda permitirá realizar todas as técnicas no centro, sen necesidade de derivacións ao Hospital Clínico
- A xerente da área sanitaria de Santiago e Barbanza, Eloína Núñez Masid, o delegado territorial da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor López, o director do Distrito da Barbanza, Salvador Mariño-Ageitos Monteagudo e o xefe do servizo de Dixestivo, Enrique Domínguez Muñoz, visitaron a nova área esta mañá

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2022.- A xerente da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, Eloína Núñez Masid, o delegado territorial da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor López, o director do Distrito da Barbanza, Salvador Mariño-Ageitos Monteagudo e o xefe do servizo de Dixestivo, Enrique Domínguez Muñoz visitaron a nova área de endoscopias do Hospital da Barbanza con motivo da súa posta en marcha, hoxe, e na que a Xunta investiu 620.000 euros.

Trátase dunha unidade que ten unha gran actividade, realiza cerca 2.000 endoscopias ao ano, moitas delas terapéuticas, que precisan dun equipamento moi específico. A nova sala supón un “salto cualitativo enorme tanto para a seguridade como para o confort” de doentes e profesionais, subliñou o xefe do Servizo de Dixestivo, Enrique Domínguez quen destacou que coa nova tecnoloxía “poderemos facer técnicas que ata o de agora tan só podíamos facer no Hospital Clínico de Santiago”. Ademais as novas instalacións permitirán incrementar en ata un 20% os doentes atendidos no Barbanza.

A nova área conta con 130 m², o que supón un incremento da superficie dedicada á realización de endoscopias dixestivas. O equipamento inclúe melloras no eido tecnolóxico, cun bisturí eléctrico dixestivo e monitores de parámetros fisiolóxicos básicos. Tamén conta cun sistema de Endoscopia dixestiva, conformado por unha torre de endoscopia dixestiva e os equipos de reprocesamento con dúas lavadoras para a desinfección dos endoscopios, un armario de secado e almacenamento esterilizado, así como catro monitores multiparamétricos de última xeración.

Esta actuación incrementará a calidade e confortabilidade desta área para os doentes, así como a modernización dos procesos de asepsia e aportará unha mellora nas condicións de traballo dos profesionais.

Gran parte do contrato de adquisición de tecnoloxía de vangarda, adxudicado por unha contía global duns 400.000 euros, é susceptible de financiación ao 100% da Unión Europea no marco do eixo React-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ampliación da área de hospitalización e aposta polos hospitais comarcais

Lembrar, que no vindeiro ano 2023 iniciaránse as obras de ampliación da área de hospitalización do hospital barbanzá para o que conta nos orzamentos do próximo exercicio cunha partida de 200.000 euros. Esta mellora virase sumar á ampliación do Servizo de Urgencias levada a cabo no ano 2020 e que supuxo un incremento do 40 % da superficie, cun investimento de 1,8 millóns de euros.

No Barbanza, este ano se adjudicou un novo TAC, que foi instalado recentemente, e que tivo un investimento de 400.000 euros.

Saúdos,